



DATOS IDENTIFICATIVOS

Prácticas externas

Materia	Prácticas externas			
Código	O02G250V01981			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Vaquero Díaz, María Beatriz			
Profesorado				
Correo-e				
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	A materia permitirá o desenvolvemento da práctica profesional asociada ao plan de estudos nos seus diversos campos disciplinares. Con ela preténdese introducir ao alumnado na dinámica das institucións e empresas vinculadas aos perfís profesionais do grao.			

Competencias de titulación

Código	
A4	Conciencia crítica da relación entre os fenómenos xeográficos, físicos e humanos, a diferentes escalas territoriais.
A7	Uso correcto da información xeográfica como instrumento de interpretación dos sistemas territoriais
A8	Desenvolvemento e aplicación dos procedementos de traballo de campo.
A10	Capacidade de relacionar, sintetizar e expresar información xeográfica en sistemas gráficos e cartográficos
A11	Coñecemento e desenvolvemento de habilidades no ámbito da ordenación e planificación territorial
A12	Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado
A17	Capacidade de ler textos historiográficos e documentos orixinais na propia lingua así como de transcribir, resumir e catalogar información de forma pertinente.
A18	Coñecemento e habilidade para usar os instrumentos de recompilación de información tales como catálogos bibliográficos, inventarios de arquivo e referencias electrónicas.
A23	Capacidade de identificar e utilizar apropiadamente fontes de información para a investigación histórica.
A26	Visión diacrónica rexional e completa dos fenómenos artísticos territoriais
A29	Coñecemento sistemático e integrado do feito artístico: distintas linguaxes e técnicas da produción artística ao longo da historia.
A31	Coñecementos básicos de iconografía como clave para a interpretación de imaxes
A33	Coñecementos sobre documentación, composición de materiais e técnicas construtivas dos bens artísticos mobles e inmoables
B1	Capacidade de análise e síntese.
B2	Aplicación dos coñecementos
B3	Capacidade de organización e planificación
B4	Comunicación oral e escrita no idioma propio.
B5	Capacidade de xestión da información e o coñecemento
B6	Resolución de problemas e toma de decisións
B7	Capacidade de razoamento crítico.
B8	Compromiso ético e responsabilidade social
B9	Traballo en equipo en diversos contextos
B10	Atención á diversidade e á multiculturalidade.
B11	Capacidade de aprendizaxe autónoma
B12	Capacidade para imprevistos, creatividade e lideranza
B13	Iniciativa e espírito emprendedor
B14	Motivación pola calidade
B15	Sensibilidade cara temas ambientais.

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
As prácticas externas permitirán a integración operativa dos coñecementos, destrezas e capacidades da ciencia histórica e xeográfica no ámbito profesional. Permitirán tamén a realización de actividades en institucións e/ou empresas relativas á adquisición de competencias transversais e específicas, aplicando coñecementos e completando capacidades nun proceso tutorizado.	A4	B1
	A7	B2
	A8	B3
	A10	B4
	A11	B5
	A12	B6
	A17	B7
	A18	B8
	A23	B9
	A26	B10
	A29	B11
	A31	B12
	A33	B13
		B14
	B15	
	B16	

Contidos

Tema	
Actividades en institucións e empresas vinculadas aos coñecementos, capacidades e competencias adquiridas na titulación.	<ol style="list-style-type: none"> 1. Actividades de documentación e difusión do Patrimonio histórico-artístico: rutas-visitas guiadas, actividades de dinamización... 2. Tarefas de clasificación, catalogación e organización de fondos bibliográficos, museísticos e de documentación de arquivo. 3. Tarefas de xestión en bibliotecas, arquivos e museos. 4. Actividades vinculadas a proxectos de intervención e posta en valor de conxuntos arqueolóxicos. 5. Actividades de apoio á docencia en Xeografía e Historia en Secundaria.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Prácticas externas	100	20	120
Informes/memorias de prácticas	5	25	30

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Prácticas externas	Prácticas profesionais realizadas en institucións e empresas nas que se adquiriran e aplicaran competencias e coñecementos relacionadas cos ámbitos científicos do grao en Xeografía e Historia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Prácticas externas	O alumnado contará con dous tutores que levarán a cabo as tarefas de orientación e resolución de problemas, un deles na entidade na que se realicen as prácticas e o outro, pertencente ao profesorado da titulación, de carácter académico.
Probas	Descrición
Informes/memorias de prácticas	O alumnado contará con dous tutores que levarán a cabo as tarefas de orientación e resolución de problemas, un deles na entidade na que se realicen as prácticas e o outro, pertencente ao profesorado da titulación, de carácter académico.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Prácticas externas	<ol style="list-style-type: none"> 1.- Informe de valoración da persoa titora académica no que se avaliarán as prácticas que suporá o 30% da cualificación. 1.- Informe final da persoa titora da entidade na que realizaron as prácticas que suporá o 30% da cualificación. 	60

Informes/memorias de prácticas	1.- Informe intermedio no que cada estudante dará conta da súa incorporación e valoración do desenvolvemento das prácticas, transcurridas 50 horas dende o comenzo destas. 2.- Informe final de prácticas na que cada estudante valorará as tarefas e traballos realizados, as aportacións en materia de aprendizaxe que supuxeron e avaliariará as prácticas no seu conxunto.	40
--------------------------------	---	----

Outros comentarios sobre a Avaliación

Bibliografía. Fontes de información

A bibliografía necesaria para a preparación e execución das tarefas e traballos de cada unha das prácticas externas será preparada e entregada ao alumnado polas persoas titoras da entidade e/ou académica xunto co proxecto formativo específico da práctica.

Recomendacións
